



## **CONCELLO DE ORDES**

**(A CORUÑA)**

### **CONVOCATORIA**

Pola presente convocase a Vd. á **SESIÓN ORDINARIA**, que se celebrará na CASA CONSISTORIAL polo **CONCELLO PLENO**, ás vinte horas do día vinte e seis de maio de dous mil dezasete, en primeira convocatoria e se procederá en segunda de acordo co estipulado no artigo 31.2 do ROF do Concello.

A partir desta data ten Vd. a súa disposición, na Secretaria desta Corporación, os antecedentes relacionados cos asuntos que figuran na seguinte:

### **ORDE DO DÍA**

**PUNTO PRIMEIRO:** APROBACIÓN, SE PROCEDE, ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES DE DATAS 01/03/2017, 05/05/2017.

**PUNTO SEGUNDO:** INFORMES DA ALCALDÍA

**PUNTO TECEIRO:** APROBACIÓN, SE PROCEDE, HERMANAMENTO DO CONCELLO DE ORDES COA CIDADE DE VERACRUZ DOS ESTADOS UNIDOS MEXICANOS.

**PUNTO CUARTO:** SINATURA, SE PROCEDE, CONVENIO DE COOPERACIÓN CON ANDAINA PRO SAÚDE MENTAL CESIÓN DE USO DE EDIFICIO MUNICIPAL.

**PUNTO QUINTO:** APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, REGULAMENTO DE FICHEIROS DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL DO CONCELLO DE ORDES.

**PUNTO SEXTO:** DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA.

**PUNTO SÉTIMO:** MOCIÓNS.

**PUNTO OITAVO:** ROGOS E PREGUNTAS.

**Ordes, 23 de maio de 2.017**

**O Alcalde-Presidente**

**José Luis Martínez Sanjurjo**

**SRS. CONCELLEIROS do CONCELLO de ORDES**



**CONCELLO DE ORDES**  
**(A CORUÑA)**

ACTA Nº 8/2017

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA VINTE E SEIS DE MAIO DE DOUS MIL DEZASETE.**

En Ordes, a vinte e seis de maio de dous mil dezasete.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Ordinaria, baixo a Presidencia de D. José Luis Martínez Sanjurjo, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- ANA Mª SONEIRA LIÑARES
- JOSÉ MANUEL MIRA GÓMEZ
- JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ
- SUSANA GARCÍA GÓMEZ
- MANUEL REGOS BOQUETE
- SILVIA MARÍN PEREIRO
- ROBERTO JESÚS GONZÁLEZ SANTOS
- JOSÉ RAMÓN VÁZQUEZ RAÑA
- JOSÉ LUÍS GÓMEZ CANDAL
- LUCÍA IGLESIAS MIRÁS
- PABLO VIDAL RÍOS
- GONZALO VEIRAS CARNEIRO
- ALEJANDRO MANTEIGA GARCÍA
- BEATRIZ MARTÍNEZ CANDAL
- LUIS CAAMAÑO FRAGA

Non asiste:

- PAULA CASTENDA BLANCO

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás vinte horas, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

**PUNTO PRIMEIRO: APROBACIÓN, SE PROCEDE, ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES DE DATAS 01/03/2017, 05/05/2017.**

Polo Sr. Alcalde procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta da sesión extraordinaria de data 01/03/2017, e á acta da sesión ordinaria de data 05/05/2017, cuxa minuta foi distribuída coa convocatoria, todo isto ó abeiro do



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA N° 2

disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, que sinala que na sesión extraordinaria, de data 1 de marzo de 2017, observa os erros seguintes: O lugar de celebración foi no salón de actos da Casa da Cultura, non no salón de sesións da Casa Consistorial.

Intervén o Sr. Manteiga García, que solicita que na sesión ordinaria, de data 5 de maio de 2017, nas votacións onde se fai referencia a súa persoa, esta sexa substituída por 1 concelleiro do PSdeG-PSOE. Igualmente aprecia o erro seguinte:

### Folla 15

#### Onde di

.../...

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de dezaseis votos a favor (6 grupo político UxO, 5 grupo político PP, 3 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sr. Caamaño Fraga e Sra. Martínez Candal), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

.../...

#### Debe dicir

.../...

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de dezaseis votos a favor (6 grupo político UxO, 5 grupo político PP, 2 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sr. Caamaño Fraga e Sra. Martínez Candal), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

.../...

A acta da sesión extraordinaria, de data 1 de marzo de 2017, resultou aprobada, en votación ordinaria, por maioría de catorce votos a favor, sendo dezasete o número legal de membros desta Corporación, coas abstencións do Sr. Manteiga García e Sra. García Gómez, coa corrección sinalada pola Sra. Marín Pereiro.

A acta da sesión ordinaria, de data 5 de maio de 2017, resultou aprobada, en votación ordinaria, por maioría de dezaseis votos a favor, sendo dezasete o número legal de membros desta Corporación, coa solicitude e corrección sinalada polo Sr. Manteiga García.

### PUNTO SEGUNDO: INFORMES DA ALCALDÍA

Polo Sr. Alcalde dáse conta das actuacións seguintes:

No BOE nº 45, 22/02/2016, publícase a resolución na que se inclúen os municipios afectados polo proceso de regularización catastral período 2013-2016. Na provincia de A Coruña, entre outros, o concello de Ordes. A partires deste luns chegaranlles as notificacións ás



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 3

casas dos veciños. O Concello púxose en contacto coa Xerencia do Catastro máis a empresa que esta a facer este procedemento. Van ser aproximadamente dúas mil as notificacións. A taxa a pagar é de 60 €, a procedemento afecta aos catro últimos anos. Valorárase que veña unha empresa aquí para asistencia facilitando información aos veciños. Se se fai unha alegación non é necesario pagar de momento a taxa.

Os Srs. Concelleiros danse por decatados.

### **PUNTO TECEIRO: APROBACIÓN, SE PROCEDE, HERMANAMENTO DO CONCELLO DE ORDES COA CIDADE DE VERACRUZ DOS ESTADOS UNIDOS MEXICANOS.**

Logo de ver o escrito remitido polo Rexedor Terceiro da Cidade de Veracruz, Estado de Veracruz, dos Estados Unidos Mexicanos, a efectos de tramitación do expediente de Hermanamento co Concello de Ordes.

Logo de ver os lazos que unen ao Concello de Ordes coa Cidade de Veracruz.

Logo de ver que este Hermanamento ten por obxecto o fomento da colaboración para a execución de proxectos e accións con incidencia no impulso e crecemento nos ámbitos académicos, educativos, culturais, deportivos, de innovación, investigación e desenvolvementos tecnolóxicos e comerciais entre o Concello de Ordes e a Cidade de Veracruz.

Logo de ver o texto do Acordo de Hermanamento.

Logo de ver o ditame favorable da Comisión Informativa Permanente.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que se van a abster por repercutir os gastos do viaxe ao concello.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que van a votar a favor por que lles parece un acordo moi importante para o concello, que pode contribuír as sinerxías do concello de Ordes e mellorar a súa economía.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que na proposta de convenio hai que corrixir a toponimia, é provincia de A Coruña. Fálase de que se van a asinar dous exemplares en castelán, solicitan que un deles polo menos sexa en galego que é o idioma oficial do nosos concello. Se teñen a ben recoller estas peticións, votarán a favor deste punto.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que si que se admiten.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, voceira do grupo político UxO, que sinala que están de acordo por que este hermanamento é o resultado do traballo iniciado co expediente de Isabel Zandal. Parécelles oportuno e enriquecedor ao mesmo tempo.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 4

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de catorce votos a favor (6 grupo político UxO, 5 grupo político PP, 2 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE), e coas abstencións (Sr. Caamaño Fraga e Sra. Martínez Candal), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

1.- Acordar o hermanamento entre a Cidade de Veracruz, Estado de Veracruz, dos Estados Unidos Mexicanos e o Concello de Ordes.

2.- Aprobar o texto do acordo de Hermanamento, redactado ao efecto, a subscribir entre as partes.

3.- Facultar ao Sr. Alcalde para a sinatura de cantos documentos fosen precisos para a execución deste acordo.

### **PUNTO CUARTO: SINATURA, SE PROCEDE, CONVENIO DE COOPERACIÓN CON ANDAINA PRO SAÚDE MENTAL CESIÓN DE USO DE EDIFICIO MUNICIPAL.**

Logo de ver o texto do Convenio de cooperación con Andaina Pro Saúde Mental cesión de uso de edificio municipal.

Logo de ver o ditame favorable da Comisión Informativa Permanente.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de dezaseis votos a favor (6 grupo político UxO, 5 grupo político PP, 2 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE, Sr. Caamaño Fraga e Sra. Martínez Candal), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

1.- Asinar con Andaina Pro Saúde Mental un convenio de cooperación cesión de uso de edificio municipal.

2.- Facultar ao Sr. Alcalde para a adopción dos acordos e sinatura de cantos documentos fosen precisos para a execución deste acordo.

### **PUNTO QUINTO: APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, REGULAMENTO DE FICHEIROS DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL DO CONCELLO DE ORDES.**

Expediente de aprobación do regulamento de ficheiros de datos de carácter persoal do Concello de Ordes.

Logo de ver o disposto no art. 20.1 da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro.

Logo de ver o disposto nos arts. 22.2.d, 47.2.f e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril (LBRL).

Logo de ver o ditame favorable da Comisión Informativa Permanente.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 5

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de catorce votos a favor (6 grupo político UxO, 5 grupo político PP, 2 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE), e coas abstencións (Sr. Caamaño Fraga e Sra. Martínez Candal), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

1º.- Aprobar provisionalmente o regulamento de ficheiros de datos de carácter persoal do Concello de Ordes, cuxo texto figura como anexo á providencia que inicia o expediente.

2º.- Abrir un trámite de información pública durante un prazo de trinta días, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente na Secretaría municipal e presentar as reclamacións que estimen oportunas, publicándose o anuncio de exposición no BOP, no Taboleiro de Anuncios do Concello.

3º.- Rematado o período de información pública, adoptarse o acordo definitivo que proceda, resolvendo, no seu caso as reclamacións presentadas contra o texto da ordenanza.

No caso de que non se presenten reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de novo acordo plenario

### **PUNTO SEXTO: DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA.**

En cumprimento do disposto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Presidencia da conta das resolucións e decretos de Alcaldía adoptados dende a última sesión ordinaria celebrada o día 5 de maio de 2017, para que os Srs. Concelleiros coñezan o desenvolvemento da administración municipal, aos efectos de control e fiscalización dos órganos municipais de goberno, previsto no art. 22.2.a da Lei 7/1985 de 2 de abril e art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

O Pleno Corporativo Municipal dáse por decitado.

### **PUNTO SÉTIMO: MOCIÓNS.**

Concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar á quenda de rogos e preguntas o Sr. Alcalde pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria nos termos establecidos no art. 34.2 do Regulamento Orgánico Municipal e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Polos grupos políticos preséntanse as mocións seguintes.

Intervén a Sra. Martínez Canal, concelleira non adscrita, que formula a moción que se transcribe a continuación:



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 6

“A Xunta de Galicia ven de propoñer aos municipios suprimir tributos para atraer empresas. Pide así a colaboración dos concellos para complementar as accións postas en marcha pola Xunta de Galicia para atraer empresas a Galicia e facilitar a súa implantación. Alberto Núñez Feijoo considera clave a súa participación xa que as institucións locais ostentan as competencias urbanísticas e fiscais, que son determinantes na decisión de implantación dos emprendedores. E pide nada menos, que renunciar total ou parcialmente a través de bonificacións aos impostos que xeran as empresas, xa sexa a través do IBI, o IAE, ou outras taxas e prezos públicos.

A proposta fíxolla o Presidente da Xunta ao Presidente da Fegamp, o socialista Alfredo García, co que se reuniu no marco da Comisión Galega de Cooperación Local, en Santiago despois de sete anos.

A cambio, a Xunta ofreceríalle aos concellos implicados no plan de captación de inversión, prioridade en diferentes axudas para parques industriais, viveiros de empresas, ou plans de eficiencia enerxética, o marxe de consolidar emprego estable e calidade de vida na área de influencia. Ademais, os municipios contarían co distintivo "Concello Doing Business" en Galicia, unha ferramenta da administración autonómica que permite detectar atascos na tramitación de permisos para a chegada de empresas.

O presidente da Fegamp, Alfredo García, non confiaba en alcanzar "grandes acordos" pero sen embargo considerou relevante que se votasen a rodar asuntos pendentes entre as administracións locais e a administración autonómica.

Segundo investiguei, o Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica (IVTM) para un vehículo como o que eu mesma uso, (vehículo turismo dende 8 CV fiscais a 11,99 Cv fiscais) sae a pagar en Ordes e Abegondo da seguinte maneira:

Ordes: 47,17 €    Abegondo: 37,49 €

Hai unha variación de máis do 25 % de Ordes a Abegondo.

Para a comprobación dos datos adxunto ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre vehículos de Tracción Mecánica en Abegondo.

Adxunto na mesma moción cadro de prezos da ordenanza fiscal nº 3, reguladora do Imposto sobre vehículos de Tracción Mecánica do Concello de Ordes.

Logo da revisión Catastral levada a cabo nos últimos anos vemos como o recibo do IBI conleva un incremento cada ano ata que no 2022 remate a redución sobre a base liquidable, e que en estes tempos de crise, e de inestabilidade laboral leva aos veciños a unha situación insostible. Polo que cabe facer un esforzo por parte das administracións, apretar o cinto e entre todos saír adiante.

Ademais as empresas, anque con traballo cústalle dispoñer de financiamento, tendo problemas de liquidez cada mes, e tórnase nun pesadelo intentar cumprir cos compromisos de pago a empregados e provedores.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 7

E polo que propoñemos ao pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

1- Modificar de cara ao ano 2018 a ordenanza fiscal nº 3, reguladora do Imposto sobre vehículos de Tracción Mecánica do Concello de Ordes, no seu artigo 4º, que pasará a ter a seguinte redacción:

### Artigo 4º. Cota tributaria

As cotas tributarias do imposto serán as resultantes de aplicar un coeficiente de incremento do 1,00 ás cotas establecidas no artigo 95.1 do Real decreto legislativo 2/2004, da 5 de marzo, é dicir:

Potencia e clase de vehículo/Cota Euros

#### A) Turismos:

De menos de oito cabalos fiscais: 12,62

De 8 ata 11,99 cabalos fiscais: 34,08

De 12 ata 15,99 cabalos fiscais: 71,94

De 16 ata 19,99 cabalos fiscais: 89,61

De 20 cabalos fiscais en diante: 112,00

#### B) Autobuses

De menos de 21 prazas: 83,30

De 21 a 50 prazas: 118,64

De máis de 50 prazas: 148,30

#### C) Camións:

De menos de 1.000 quilogramos de carga útil: 42,28

De 1.000 a 2.999 quilogramos de carga útil: 83,30

De máis de 2.999 u 9.999 quilogramos de carga útil: 118,64

De máis de 9.999 quilogramos de carga útil: 148,30

#### D) Tractores:

De menos de 16 cabalos fiscais: 17,67

De 16 a 25 cabalos fiscais: 27,77

De máis de 25 cabalos fiscais: 83,30

#### E) Remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica:

De menos de 1.000 y máis de 750 quilogramos de carga útil: 17,67

De 1.000 a 2.999 quilogramos de carga útil: 22,77

De máis de 2.999 quilogramos de carga útil: 83,30

#### F) Vehículos:

Ciclomotores: 4,42

Motocicletas ata 125 centímetros cúbicos: 4,42

Motocicletas de máis de 125 ata 250 centímetros cúbicos: 7,57

Motocicletas de máis de 250 ata 500 centímetros cúbicos: 15,15

Motocicletas de máis de 500 ata 1.000 centímetros cúbicos: 30,29





## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 8

Motocicletas de máis de 1.000 centímetros cúbicos: 60,58

2- Modificar de cara ao ano 2018 a ordenanza fiscal nº 1, reguladora do Imposto sobre bens inmobles, no seu artigo 11º, que pasará a ter a seguinte redacción:

Artigo 11.- Tipo impositivo.

De conformidade e en aplicación do previsto no artigo 74 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, os tipos de gravame serán os seguintes:

- a) O tipo aplicable aos bens de natureza urbana fíxase no 0,50%.
- b) O tipo aplicable aos bens de natureza rústica fíxase no 0,50%.
- c) O tipo aplicable aos bens de características especiais fíxase no 1,20%.

3- Modificar de cara ao ano 2018 a ordenanza fiscal nº 1, reguladora do Imposto sobre bens inmobles, no seu artigo 12º (Bonificacións), engadindo un novo apartado co seguinte tenor literal:

Terán dereito a unha bonificación do 95 % da cota íntegra do imposto, sempre que así se solicite polos interesados antes do inicio das obras, os inmobles destinados a empresas de nova implantación no Concello de Ordes, ou de empresas de Nova Creación no Concello de Ordes, sexa cal sexa o obxecto social da empresa, sendo o prazo de bonificación por 10 anos, debendo formularse a solicitude despois da alta do inmovible no catastro, e aportando a seguinte documentación xunto coa solicitude:

- Referencia catastral do inmovible.
- Documentación acreditativa da titularidade do inmovible
- Compromiso de mantemento do emprego estable durante os 10 anos que se disfrute da bonificación.

4- Modificar da cara ao ano 2018 a ordenanza fiscal nº 2, reguladora do Imposto sobre Actividades Económicas no seu artigo 2º, deixando os coeficientes ao mesmo tipo a partir de 1.000.000 € en 1,00, co que pasará a ter a seguinte redacción:

Artigo 2º. Coeficiente de ponderación

Sobre as cotas municipais, provinciais ou nacionais fixadas nas tarifas do imposto aplicarase, en todo caso, un coeficiente de ponderación, determinado en función do importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo.

O dito coeficiente determinarase de acordo co seguinte cadro:

Importe neto da cifra de negocios (euros)	Coeficiente
Desde 1.000. 000,00 até 5.000.000,00	1,00
Desde 5. 000.000,01 até 10.000.000,00	1,30
Desde 10.000.000,01 até 50.000.000,00	1,32
Desde 50.000.000, 00 até 100.000.000,00	1,33
Máis de 100.000.000,00	1,35
Sen cifra neta de negocio	1,31



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 9

Aos efectos da aplicación do coeficiente ao que se refire este artigo, o importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo será o correspondente ao conxunto de actividades económicas exercidas por el e determinarase de acordo co previsto no artigo 82.1.c) do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de once votos a favor (6 grupo político UxO, 2 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE, Sr. Caamaño Fraga e Sra. Martínez Candal), cinco votos en contra (grupo político PP), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que para a defensa da moción e rebater o informe que presentaron os técnicos, ten que dicir que o Alcalde pretende quitarlle o dereito que ten de presentar unha moción amparándose nun informe técnico que recoñece preceptivo, pero que resulta non ser vinculante. Si despois do debate da proposta saíse esta aprobada terá vostede a obriga de cumprir o acordo plenario seguindo os prazos e trámites legais establecidos para poder aprobar definitivamente a modificación das ordenanzas en tempo e forma, isto é para o 2018. Ademais membros do seu partido, partido popular de A Coruña, fixeron propostas de baixadas de impostos que foron debatidas e que non se aprobaron por falta de apoios. Pero vostede baixo un informe sacado da manga cunha clara actitude de covardía pretende rebaterme un dereito constitucional que é o de presentar propostas e mocións. É vostede capaz de buscar os técnicos do concello por conveniencia, é capaz de alarmar socialmente con tal de non baixar do pedestal mediante un informe que saca de contexto os artigos mencionados, onde precisamente ampara a presentación de mocións e propostas e non o contrario. Por non falara da comparación con Eurovegas con posibles proxectos serios que xeren emprego de verdade en Ordes. Confúndese cando pensa que calquera dos aquí presentes estamos a pensar en propostas dese tipo cando falamos de bonificacións ás empresas que se implanten no futuro. Teño pleno dereito a rebaterlle ese informe cos seguintes argumentos. Debemos recordar que o procedemento de tramitación da modificación e aprobación das ordenanzas fiscais encóntrase regulado nos artigos 15 a 19 do R.D.Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, en dito procedemento non existe reserva algunha de competencia en favor do goberno municipal en canto a iniciativa para a proposición de acordos de aprobación ou modificación das ordenanzas fiscais. As mencións de carácter competencial que se fan nos mencionados artigos residen sempre no pleno en canto á competencia para aprobación de ditos instrumentos normativos. Non se establece por conseguinte ningunha reserva competencial en favor do Alcalde á hora de propoñer ao pleno a adopción de acordos en canto ás ordenanzas fiscais, como si establece a lei reguladora das facendas locais con respecto ao procedemento de elaboración e modificación dos presupostos municipais. Polo que atendendo a unha interpretación sistemática do citado texto legal, a non existencia de dita reserva en favor do goberno permite a iniciativa dos corporativos do pleno para propor modificacións normativas. Intentar aplicar o criterio establecido con respecto á iniciativa para a proposición dos presupostos, criterio competencial, á iniciativa para a modificación de ordenanzas, supón unha extensión interpretativa contraria ao ordenamento xurídico e que limita o dereito dos concelleiros á participación política amparado polo artigo 23 da lei da constitución española.



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 10

Esta interpretación é coherente co disposto no artigo 22.2.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, que fai residir no pleno da corporación local a competencia para a aprobación do regulamento orgánico e de ordenanzas. A maior abundamento debemos recordar que o artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, establece que a aprobación das ordenanzas locais se axustará ao procedemento, aprobación inicial pleno, información pública, resolución reclamacións e aprobación definitiva polo pleno. Nada di por conseguinte o citado precepto da existencia dunha reserva competencial en favor do goberno para propor a modificación de ordenanzas polo pleno. Do que debemos concluír que calquera membro da corporación podería realizar dita proposta ao pleno en exercicio das funcións inherentes ao seu dereito á participación política. É evidente que esta iniciativa dos corporativos a propoñer modificacións en ordenanzas locais precisaría que o proxecto sexa sometido a informe previo á súa aprobación, sendo a finalidade destes informe pronunciarse sobre a legalidade e oportunidade da futura norma, de modo que sexa a opción máis conforme aos intereses da comunidade local segundo os artigos 20.1.c, 32.2 e 122.4.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, pero en ningún caso ese informe pode cuestionar a competencia dun corporativo para propoñer modificacións de ordenanzas ao pleno. En conclusión, nada impide que os membros dunha corporación local poidan propor a modificación dunha ordenanza sempre que se respecte o procedemento legalmente establecido para a súa aprobación ao que se fixo referencia e ao contido que debe ter a citada proposta de modificación como ben establecido no artigo 16 do R.D.Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, a nomear que os acordos de modificación de ditas ordenanzas deberán conter a nova redacción das normas afectadas, as datas da súa aprobación e do comezo da súa aplicación. Así foi recoñecido estrictu sensu pola xurisprudencia TS, Sala 3ª Contencioso-administrativo, Secc. 2ª, sentenza de 27/11/2014, recurso 4520/2012, Tribunal Superior de Xustiza Cataluña, Sala do Contencioso-administrativo, Secc. 1ª, sentenza 1070/2012, de 8 de novembro, recurso 290/2012. Finalmente con respecto á cuestión relativa á posible afectación do equilibrio presupostario coa modificación das ordenanzas fiscais non entendemos a referencia que realiza a intervención aos presupostos en execución actualmente. Xa que debemos recordar que a modificación das ordenanzas non afecta aos presupostos en execución senón aos do seguinte exercicio presupostario, e caberá por conseguinte a adopción de medidas no apartado de gastos que permitan a compensación dunha previsible caída dos ingresos. A maiores sorprende a esta parte a preocupación pola modificación presupostaria que suporían estas medidas cando no concello de Ordes estamos asistindo a un abuso totalmente discrecional por parte da figura de modificacións de créditos artigo 172 e seguintes do R.D.Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, que está incidindo negativamente no principio do equilibrio presupostario como se comprobará no momento de aprobación da conta xeral do presente exercicio. É por todo isto que polo que esta moción debe ser debatida Sr. Alcalde.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que sempre que sexa posible a baixada de impostos e dentro da legalidade parécelle bastante importante, ademais parece que as contas do concello están saneadas, ven lóxico que se baixe a presión fiscal dos contribuíntes.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que o seu grupo tamén trae a este pleno unha moción sobre a baixada de impostos. Habitualmente neste plenario cando había unha moción semellante sobre o mesmo asunto tratábanse ao mesmo tempo.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non ten ningún inconvinte en que a incorpore, pero correspóndelle á compañeira, non a min.



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 11

Intervén o Sr. Secretario, que sinala que non é posible o debate de dúas mocións sobre o mesmo punto. Se se propoñen modificacións do tipo impositivo do IBI, non ten sentido unha moción cun tipo impositivo e outra moción con outro tipo impositivo. Se se vota e aproba a moción da Sra. Martínez Candal non ten sentido a votación da súa moción para modificar o tipo impositivo aprobado previamente. Igual o que deberían facer é sentarse todos os grupos e facer unha proposta conxunta chegando a un acordo sobre os tipos impositivos do IBI. Modificacións de ordenanzas fiscais que afecten a apartados distintos non habería ningún problema. Non se propoñen os mesmos tipos impositivos, non se poden votar dúas veces.

Intervén o Sr. Alcalde, que pide que se cinga a esta moción, se quere expor algo da súa moción o pode facer, a posteriori si quere debateremos a súa moción.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que tamén traen a este plenario unha moción. O ano pasado ata en dúas ocasións intentaron baixar o tipo impositivo do IBI para compensar a suba dos valores catastrais que se aprobaron no ano 2013. Conxelar esa suba e deixar a recadación do IBI na baixada do ano 2015 de aplicación no ano pasado. A súa primeira proposta recibiu o rexeitamento do pleno e a segunda nin sequera se puido debater por que se votou en contra da urxencia. Visto que non anterior pleno ordinario houbo unha aparente mudanza de intencións por parte de concelleiros, noutros plenos estiveron en contra desa baixada e agora propoñen esa baixada. Traen esta nova proposta para baixar o tipo impositivo do IBI de xeito gradual de xeito que non se afogue a economía do concello nin se efectúe esa suba que se aprobou. Conxelar o que defenderon non 2015, 2016. Despois propoñen unha recarga para as vivendas valeiras, despois un fraccionamento no pagamento do IBI. Hai vivendas que pagan 800 ou 1000 €, entenden que ese mes lévase un pau importante na economía familiar no mes de novembro. Fraccionar en dous recibos como noutros concellos. É unha medida positiva. Por último propoñen unha bonificación no ICIO para licenzas de obras en novas empresas para que poidan levar a cabo a construción das súas instalacións. Unha bonificación en función da creación de postos de traballo o que pode decantar que se instale neste e non noutros concellos. Esta é a proposta que pretenden someter a este plenario.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, voceira do grupo político UxO, que sinala que segundo a proposta de modificación de ordenanzas fiscais que propoñen os non adscritos e segundo a proposta de ingresos dos orzamentos que se lles presentaron para aprobar no 2017. Segundo o interventor prevese unha recadación de IBI de 2.100.000 euros. Segundo a modificación que presenta a nosa compañeira recadaríase no 2018 1.800.000 euros o que supón 280.000 euros. Non é de recibo que logo da situación económica que temos actualmente en Ordes, a situación económica no 2017 mudou. Non está Ordes pasando polos mellores momentos. Segundo o informe de intervención da liquidación dos orzamentos municipais de 2016 prevese que se recadaría en impostos directos un 36,40 %, mentres que 2007, 2008, 2009, estabamos recadando un 25,00 %-28,00 % respectivamente. Observase un incremento porcentual na participación nos tributos municipais cando o que debería ser é unha baixada xeneralizada para diminuír a presión fiscal á que facía referencia o compañeiro do PSOE. Que non sexan os veciños os que teñan que financiar os servizos que deberían financiar outras administracións. Por que canto supón iso para os nosos veciños. Non é de recibo que a maioría dos recursos do concello veñan dados polo gravames que pagan os seus residentes, é dicir por todos os que estamos aquí. Cando o PP estaba na oposición denunciaban a cotío a suba de impostos aos veciños naquel momento. Que diferente é este momento para a nosa economía local, que diferente é estar na oposición, que diferente é gobernar. Pechou Viriato, pecharon numerosos talleres ligados ao téxtil que servían de sustento económico de moitas familias. Durante a campaña electoral o PP cansouse de dicir o



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 12

que ía supor a contribución aos veciños. Houbo que facer unha revisión do IBI por que o esixía a lei, o menciona o BNG no argumentario da súa moción. Si que se fixo unha revisión do catastro, o catastrazo, imposto polo goberno central. A Deputación todos os anos sacaba a uns concellos e asumía eses gastos para regularizar a situación que estaba mal dende había vinte anos. Houbo que facelo. Vostede dixo na campaña que lle ía baixar o IBI aos veciños un 10%, pero o que non lle dixo é que ía rebaixar o 10% do tipo impositivo e non do total do importe do recibo como lle fixo crer a moita xente ou non lle clarificou. Estamos ante unha moción socialmente necesaria e economicamente factible que axudará se cabe a facer máis leveiro o día a día das familias. En canto ao IVTM se continuamos co exemplo exposto na moción que presenta a concelleira vemos viable unha baixada do mesmo en comparación cos concellos que nos rodean da mancomunidade. Entenden que toda rebaixa que se lle faga dos impostos aos veciños é de necesidade. Espera que coa mellor sintonía, relación que hai co Presidente da Xunta esta baixada nos ingresos municipais sexa compensada incrementándose na mesma proporción con ingresos de capital procedentes de outras administracións amigas ou rebaixando gastos noutros aspectos que non redunden nun beneficio directo aos nosos veciños. Estas rebaixas dos impostos non se verán efectivas ata o ano 2018 co cal hai marxe suficiente para compensar esta baixa con outro tipo de ingresos sen se ver comprometidos os orzamentos municipais.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o que non pode facer a Sra. Martínez Candal é mentir como esta a facer de un tempo a esta parte dende que é concelleira non adscrita. No pode dicir que se coacciona aos técnicos, que se lle di o que teñen que facer. O Interventor fai os seus informes cando entran as mocións, pediuse que se presenten con antelación. O interventor fai a súa interpretación do que vostedes presentan. Non ve que ningún pase por alí para comentar o contido da moción. El non lle di o que ten que por en cada un dos seus informes. Nin ao Sr. Secretario. Non se poden dicir cousas que non son certas para confundir. Non pode dicir tampouco que lle estou a coartar o seu dereito para presentar e aprobar unha moción. O informe de intervención o que sinala é que hai unha competencia directa da fiscalidade, dos tributos como tamén dos orzamentos pola Alcaldía. Esta no seu dereito de vir aquí con estas ou outras propostas que teña convinte. Pero nos tamén estamos no noso dereito de rebater ese informe que trae aquí. Informe xurídico que lle ve un contido moi parecido a outros que presenta o grupo que ten ao outro carón, parécelle que o debe estar a facer a mesma persoa. Queren baixar a recadación directa de impostos en cincocentos mil euros en números redondos. A partir de aí veremos se se bloque economicamente o concello como esta a mencionar o interventor de cara ao exercicio de 2018 que se poida propor. Falaron do IVTM pregunta cantos quilómetros de vía teñen eses concellos da mancomunidade ou cantos quilómetros cadrados de extensión teñen eses concellos con respecto aos que ten o concello de Ordes. UxO trouxo durante varios anos que estiveron no goberno e nos na oposición subidas paulatinas todos os anos destes impostos e non houbo ningún tipo de problema por parte do PP por que entendemos que era xusto aplicar aquí. Nos dous últimos anos os conxelaron. Faloulle do catastrazo, nas actas consta que lle dixen que era algo que viñera imposto pola lei de racionalización da administración local que entrou en vigor co primeiro goberno do Sr. Rajoy no ano 2011, revisións que había que facer en todos os concellos. Pero no que non estaba de acordo e insistiu sempre, incluso nas reunións co xerente do catastro, que non lle parecía xusta a aplicación durante dez anos de maneira continuada, ese era o engano do catastrazo que vostedes lle estaban a propor aos veciños. Xa entón se trataba de fixar un tipo arredor do 0,55-0,56 dunha maneira lineal e que non houbera bases liquidables alternas durante máis de dez anos. O programa do PP falaba clarisimamente de baixar o tipo un 10%. Están no seu dereito, como grupo de goberno non lles parece xusta esta maneira no mes de maio de 2017 intentar aprobar modificacións de ordenanzas fiscais con informes do técnico en





## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 13

materia de fiscalización das contas á lixeira sen ter tratado directamente con el para ver a situación real do que acontece no municipio. Os expedientes de modificación de crédito son necesarios neste concello e nas restantes administracións públicas e con calquera goberno, outra cousa é cales son os fins últimos desas modificacións. O seu voto vai a ser negativo, no futuro verase o que acontece. Defende o informe do técnico municipal fronte a un informe xurídico de parte, de interese. Entende que o informe do técnico municipal é axustado a dereito, conforme á norma. Agarda que pensen o que van a facer no día de hoxe polas consecuencias que poida traer de futuro.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que dixo que usaba aos técnicos por conveniencia, non que os coaccionara. Hai xurisprudencia ao respecto é no que se basea. Hai cada ano máis de un millón de euros de remanente co cal é perfectamente asumible esta baixa. Nos últimos tempos vemos como o desemprego vai a mías en Ordes. A taxa de desemprego en concellos limítrofes a data de decembro de 2016, taxa de desemprego en Ordes 18,60 %, Oroso 17,68 %, Tordoia 14,51 %, Frades 14,38 %, Carral 14,20 %, Mesía 11,40 %, Cerceda 9,73 %. Cerceda é o único concello que baixou do 10% de desemprego, pero é o único que baixou o prezo do solo industrial para atraer empresas, vai a ofertar un coma dous millóns de metros cadrados no seu futuro parque industrial que se preve facer no entorno da central térmica de Sogama. Pregunta como ten previsto convencer ás empresas para que se instalen en Ordes. A proposta esta totalmente enfocada a unha petición do Presidente da Xunta. Nesta proposta están as sementes do emprego, estabilidade e prosperidade. Debemos ser atractivos e competitivos para os emprendedores. Pagar menos é posible, legal e ademais é un dereito. Poña vostede por diante a hostilidade que promove o ben común fronte a austeridade que todo servidor público debería priorizar. Deixe de por o carro por diante dos bois, hai que situar o concello de Ordes nas portadas pero por ser o concello máis económico para o contribuínte. Ese é un reto, ese é un desafío que trae sangue, suor é lágrimas, pero tamén unha recompensa que é lograr a estabilidade dos Ordenses. Comete o típico erro económico que é enfocarse na débeda en lugar de enfocarse no crecemento.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que se reafirma no que dixo na primeira quenda. Quere recalcar que hai concellos que baixaron o IVTM e a partir dese momento matricularonse moitos máis coches nese concello subindo a recadación deste tipo de imposto. Pode ter un efecto positivo.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que o Sr. Alcalde non pode mentir dicindo que no programa do PP o que se dicía era baixar o tipo impositivo. O que olla nas cartas que se mandaron ás casas di rebaixar os impostos municipais IBI e ICIO un mínimo dun 10%, non se fala do tipo impositivo por ningún lado. Fálase de rebaixar o imposto municipal. Na campaña venderon despois a xente verá o que se fai ou non. Reiteran a súa proposta, xa o propuxeron no ano 2015, puido ser, baixou o tipo impositivo do 0,60 ao 0,56 %. Seguindo nesa liña o ano pasado tamén o intentamos facer para toda a lexislatura, intentando reducir o tipo impositivo ano a ano, ao final o plenario decidiu non apoiar a nosa proposta. Finalmente o que decidiu foi subirlle o IBI de cara ao 2017 aos veciños. Agora o volven a intentar. A súa proposta baséase en cousas que se poden facer. O tipo impositivo que propoñen non pon en risco a aprobación do orzamento municipal por que se cumpriría igualmente a regra



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 14

de gasto posto que a recadación por IBI non baixa da que houbo no ano 2013. Entenden que tampouco debería haber problema en por unha recarga nas vivendas valeiras. O fraccionamento do pagamento do IBI é algo básico. A bonificación do ICIO ás empresas é unha medida que esta regulada nas ordenanzas de ICIO de Abegondo e Carballo. Son todas medidas que se poden levar a cabo, por iso as defenden, entenden que a única cuestión que impide a súa aprobación é de tipo político, nunca de carácter técnico.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, voceira do grupo político UxO, que sinala que o tema do programa electoral do PP que ten aquí xa quedou aclarado. Cantas mocións na súa época na oposición falou vostede o seu contido co interventor.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que desa que afectaba aos termos económicos do concello na que fixo as contas do que suporía a aplicación de todo o valor catastral e non por bases liquidables cada dez meses, estivo reunido con el varias veces, incluso lle facilitei as miñas táboas excel onde saían esas cifras. Dígame vostede outra moción de contido fiscal que tiveramos que ir a falar con el.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, voceira do grupo político UxO, que sinala que lle di que unha vez falou o contido dunha moción que presentou co interventor. Non lle pida aos demais membros da corporación algo que entra dentro do dereito dun concelleiro poder presentar unha moción. Xa hai un informe que se lles entregou coa documentación previa para o pleno. Cada concelleiro ten dereito a presentar unha moción e consultala cos técnicos. Que vai a facer vostede agora que na campaña, que nesta mesma bancada falaba da baixada de impostos. Non é o mesmo estar gobernando que estar na oposición. Falou na súa intervención de que os que estabamos antes e non fixemos. Xa llo dixen en anteriores ocasión que o fixeron moi mal segundo di, por iso esquézase de nos e o intente facer mellor, pero non igual. Agora esta no momento de reconducir esa situación tan mala que eles fixeron. Báixelle os impostos agora aos veciños. No 2016 votaron en contra da moción do BNG, pero é certo que a situación económica para o noso concello mudou. No informe de intervención non se pode facer mención á presión fiscal, que a temos máis baixa. Nos da igual a situación económica dos demais concellos. O que lle importa é a situación económica do concello de Ordes, que cerran os talleres do téxtil, que empresas importantes que eran o sustento para moitas familias pecharon. É o momento. Faga agora ese esforzo. Baixemos os impostos aos veciños, reduzamos o gasto naquelas partidas onde non redunde nun beneficio social para os veciños dunha maneira paulatina. Cremos que non vai a afectar aos orzamentos que aínda non se aprobaron, estamos no momento de os poder rectificar e facer uns orzamentos axustados ás necesidades do noso concello.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que si que vai a afectar aos orzamentos, o interventor aí llo dí por que vai a complicar a capacidade financeira, o cumprimento da regra de gasto. Iso é así, non se trata exclusivamente de reducir os gastos. Vai a condicionar os gastos e a capacidade de inversión directa do concello. A inmensa maioría dos gastos municipais están condicionados polos gastos de persoal e polos gastos correntes. De aí é de onde sae o superávit. Estase a condicionar xa ao inicio do ano calquera tipo de inversión por que non temos ingresos suficientes para a cofinanciación de calquera axuda pública para investimento. Vostede fala na súa moción dos concellos que o Presidente da Xunta Doing Business lle está a propor á Fegamp que xa estivo a ver co Concelleiro de Industria. Calquera concello que queira entrar no Doing Business se a Fegamp acepta o convenio e a partir de aí seguir optando ás axudas. O Concello ten que aportar o 20% nas axudas a parques empresariais, é posible que nos quedemos sen ese 20% por esa baixada de impostos. Non hai cifras concretas nin claras de como vai a ser a



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 15

recadación do IBI do ano 2018 a maio de 2017. Esa baixada de cincocentos mil euros vai a condicionar a capacidade de inversión directa municipal como lle di o interventor municipal. Vai a seguir facendo fincapé no informe de secretaría e intervención. Vostedes poden adoptar o acordo pero xa mirarán da obriga legal de levalo a cabo. A súa intención é que este ano haxa baixada de impostos pero suxeita á estabilidade orzamentaria e ao cumprimento da regra de gasto par o exercicio 2018, polo que a previsión de proxecto de futuro tiña que estar aí contemplada. Como é o centro sociocomunitario cuxa saída adiante vai a estar xa condicionada de antemán no día de hoxe coa aprobación desta modificación de ordenanzas se realmente se consegue facer efectiva. Vostede ten a versión corta do noso programa na que eliminaron a mención ao tipo. No noso programa o di moi claro, fareille chegar unha copia. No que conviñan era que nos catro anos se baixase o tipo un 10%. Teñen que defender os intereses xerais dos veciños. A nosa proposta para este ano é a baixada de impostos, cumpríriase sobradamente esa baixada do 10%. Na vindeira semana analizarei o que vostedes aquí adopten e actuarán en consecuencia polo ben dos veciños. É moi fácil traer datos de paro comparando Ordes con outros concellos cunha poboación activa moi envellecida ou xubilados, houbéralle gustado que trouxese os datos de concellos similares en poboación.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de nove votos a favor (6 grupo político UxO, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE, Sr. Caamaño Fraga e Sra. Martínez Candal), cinco votos en contra (grupo político PP) e coas abstencións (2 grupo político BNG), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

1- Modificar de cara ao ano 2018 a ordenanza fiscal nº 3, reguladora do Imposto sobre vehículos de Tracción Mecánica do Concello de Ordes, o seu artigo 4º (Cota tributaria), que pasará a ter a redacción que se recolle no texto da moción.

2- Modificar de cara ao ano 2018 a ordenanza fiscal nº 1, reguladora do Imposto sobre bens inmobles, o seu artigo 11º (Tipo impositivo), que pasará a ter a redacción que se recolle no texto da moción

3- Modificar de cara ao ano 2018 a ordenanza fiscal nº 1, reguladora do Imposto sobre bens inmobles, o seu artigo 12º (Bonificacións), engadindo un novo apartado coa se redacción que se recolle no texto da moción:

4- Modificar da cara ao ano 2018 a ordenanza fiscal nº 2, reguladora do Imposto sobre Actividades Económicas, o seu artigo 2º (Coeficientes de ponderación), que pasará a ter a redacción que se recolle no texto da moción.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeg-PSOE, que presenta a moción que se transcribe a continuación.

“A estrada nacional N-550 que discorre polo noso concello, ó seu paso polo Mesón do Vento soporta unha intensidade media diaria de tráfico de máis de 8.000 vehículos ó día (últimos datos dispoñibles do 2015), dos que o 9% corresponde a tráfico pesado. Dende o límite do Concello de Ordes, no Canedo, ata a gasoleira do Mesón do Vento as marxes da estrada en diferentes zonas son mínimas e cada vez que os veciños do Canedo, moitos de avanzada idade,





## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 16

necesitan desprazarse ó Mesón do Vento intentan buscar alternativas a ir camiñando posto que é moi inseguro e perigoso. Ademais co futuro tanatorio no Mesón do Vento, é previsible o aumento de persoas pola parte do Canedo que se teñan que desprazar por este tramo de estrada, aumentando o risco de atropelo, como xa ten ocorrido en diversos accidentes mortais nese mesmo tramo. A titularidade da estrada é do Ministerio de Fomento. En dito treito, hai unha zona de afección desde Ministerio. Por todo isto consideramos necesaria a realización dunha senda peonil no tramo da estrada nacional N-550 que discorre entre o Canedo e o Mesón do Vento (gasolineira) pola marxe esquerda, así como o acceso peonil necesario para cruzar cara o futuro tanatorio.

Polo que, en condición de voceiro municipal do PSdG-PSOE no Concello de Ordes somete a consideración do Pleno esta moción, para que este adopte o seguinte acordo:

Instar á Dirección Xeral de Estradas (Ministerio de Fomento) é construción dunha senda peonil que discorra entre o Canedo e o Mesón do Vento pola marxe esquerda da estrada nacional N-550, así como o acceso peonil necesario para cruzar cara o futuro tanatorio”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de dezaseis votos a favor (6 grupo político UxO, 5 grupo político PP, 2 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sr. Caamaño Fraga e Sra. Martínez Candal), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que están a favor da moción. Xa tivo a negativa de Fomento cando realizou unha proposta similar en Leira. Cree que se debe insistir na seguridade viaria, esta proposta vai en concordancia do que sempre defendeu que é a necesaria inversión das administracións en melloras deste tipo.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que sinala que lles parece unha boa iniciativa. Todo o que sexa recuperar o espazo público para as persoas sempre será benvido polo BNG como están a demostrar en moitos lugares onde gobernan. Teñen dúbidas en canto a súa ubicación, pensan que a marxe dereita sería máis axeitada para reconstruír esta senda, hai máis vivendas e esta prevista unha maior construción. Permitiría tamén comunicar o Canedo coa Adina Vella dun xeito máis seguro e sinxelo sen ter que bordear polas pistas da concentración. Non ven moi claro na moción se se pretende tamén que a senda colla o concello de Carral.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que o que propoñemos como límite do concello é na parada do bus. Polo Canedo de Abaixo pola marxe dereita hacia Coruña xa hai unha pista asfaltada, pola marxe esquerda a cuneta é bastante ancha. En principio so o concello de Ordes.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que sinala que eles incluso propoñen comunicar todo o núcleo de o Canedo do Concello de Carral e de Ordes. Trasladar esta petición ao Concello de Carral.



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 17

Intervén a Sra. Marín Pereiro, voceira do grupo político UxO, que sinala que están de acordo con esta moción, por que todo o que redunde en facer sendas peonís que redunde no benestar dos veciños e nunha maior mobilidade máis segura van a estar totalmente de acordo.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que está de acordo coa exposición de motivos, pero o contido final do que se vai a trasladar pediríalle que valorase o que se lle acaba de trasladar que é que entenden máis lóxica a marxe dereita. Corrixir á mención á Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, organismo ao que dirixirse.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que están de acordo. Propoñen a marxe esquerda por que consideran a obra máis asequible, é máis fácil que o Ministerio de Fomento aceptase a súa licitación. A marxe dereita parécelle máis lóxico.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de quince votos a favor (6 grupo político UxO, 5 grupo político P, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE, Sr. Veiras Carneiro, Sr. Caamaño Fraga e Sra. Martínez Candal), e coa abstención (Sr. Vidal Ríos), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

Instar á Demarcación de Estradas do Estado en Galicia (Ministerio de Fomento) é construción dunha senda peonil que discorra entre o Canedo e o Mesón do Vento pola marxe dereita da estrada nacional N-550, así como o acceso peonil necesario para cruzar cara o futuro tanatorio.

Solicita intervir o Sr. Vidal Ríos, para explicar o seu sentido do voto. Está completamente de acordo coa moción a nivel persoal, pero abstense por motivos laborais. Na moción faise bastante fincapé no tanatorio que se está a construír do que é o director da execución da obra. Polo que entende que nesta cuestión non debe posicionarse.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula a moción que se transcribe a continuación.

“Durante o ano 2016, o grupo municipal do BNG de Ordes propuxo en dúas ocasións unha redución do tipo impositivo do IBI para compensar a suba dos valores catastrais e deste xeito evitar que a veciñanza experimentase de cara a este ano 2017 unha suba nos seus recibos da contribución. Esta proposta recibiu nas dúas ocasións o rexeitamento do pleno.

No último pleno, rexistrouse unha proposta da baixada de impostos onde entre outras medidas, recollíase a baixada do tipo impositivo do IBI. Proposta que finalmente adíouse para o plano ordinario de maio e que recentemente foi informada negativamente polo Interventor municipal.

Ante o que semella unha repentina mudanza de parecer fronte a un tema como é a baixada da impostos municipal, por parte de varios/-as concelleiros/-as da corporación municipal a unha



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 18

vez visto o informe negativo do Interventor municipal, este grupo municipal vese na obriga de intentar novamente conseguir unha baixada de impostos e é polo cal presenta esta moción.

Como comentabamos anteriormente, o que se propón é unha baixada do tipo impositivo do IBI, de xeito gradual e compensando a suba producida pola revisión catastral levada a cabo na anterior lexislatura. Do mesmo xeito propoñemos unha recarga do imposto para as vivendas desocupadas a activar a posibilidade de pagamento fraccionado do recibo.

Outras medidas que propoñemos co obxecto de atraer empresas para a creación de postos de traballo, é a modificación do ICIO de cara a establecer unha bonificación variable en función dos postos de traballo que se vaian crear.

E polo que propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

- O pleno do Concello de Ordes esixe ao alcalde a levar a cabo, de cara a ter efectos no ano 2018 e vindeiros, a tramitación da Modificación da Ordenanza Reguladora do Imposto sobre Bens Inmóveis para establecer o tipo impositivo do seguinte xeito:

- No ano 2017

- a) O tipo aplicable aos bens de natureza urbana fíxase no 0,56 %.
- b) O tipo aplicable aos bens de natureza rústica fíxase no 0,56 %.
- c) O tipo aplicable aos bens de características espaciais fíxase no 1,30 %.

- No ano 2018

- a) O tipo aplicable aos bens de natureza urbana fíxase no 0,521 %.
- b) O tipo aplicable aos bens de natureza rústica fíxase no 0,527 %.
- c) O tipo aplicable aos bens de características espaciais fíxase no 1,30 %.

- No ano 2019 e seguintes

- a) O tipo aplicable aos bens de natureza urbana fíxase no 0,504 %.
- b) O tipo aplicable aos bens de natureza rústica fíxase no 0,51 %.
- c) O tipo aplicable aos bens de características espaciais fíxase no 1,30 %.

- O pleno do Concello de Ordes esixe ao alcalde a levar a cabo, de cara a ter efectos no ano 2018 e vindeiros, a tramitación da Modificación da Ordenanza Reguladora do Imposto sobre Bens Inmóveis para establecer unha recarga do imposto aos inmóveis de carácter residencial desocupados (entendendo por desocupados aqueles nas que non estea empadroada persoa algunha).

- O pleno do Concello de Ordes esixe ao alcalde a levar a cabo, de cara a ter efectos no ano 2018 e vindeiros, a tramitación da Modificación da Ordenanza Reguladora do Imposto sobre Bens Inmóveis para establecer un mecanismo que posibilite o pagamento fraccionado do tributo.

- O pleno do Concello de Ordes esixe ao alcalde a levar a cabo, de cara a ter efectos no ano 2018 e vindeiros, a tramitación da Modificación da Ordenanza Fiscal nº 4, Reguladora do



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 19

Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, para establecer unha bonificación ás empresas por concorrer circunstancias de fomento do emprego, cuestión de especial interese ou utilidade municipal. Dita bonificación deberá ser variable en proporción á cantidade de postos de traballo a crear e coa condición de mantemento dos postos de traballo ou dun persoal neto en cómputo anual durante o período que se determine, ademais debendo fixar un mínimo de persoal censado no concello de Ordes”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de once votos a favor (6 grupo político UxO, 2 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE, Sr. Caamaño Fraga e Sra. Martínez Candal), cinco votos en contra (grupo político PP), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que suprimiron desta moción ao haberse xa pronunciado o Pleno sobre os tipos impositivo do IBI. Manteñen a recarga do IBI sobre as vivendas desocupadas que contribúa a vender a vivenda ou facilitar o seu alugueiro. Despois fraccionamento do pago do recibo da contribución. Por último unha bonificación no ICIO ás empresas na licenza de obras para as empresas que se queiran instalar no concello de Ordes en función dos postos de traballo que poidan crear.

Intervén o Sr. Secretario, que sinala que o que se está a pedir é que o Alcalde tramite a modificación coa incorporación dos informes, levalo a Comisión Informativa e despois sometelo ao pleno. Este é un suposto distinto do que plantexou a concelleira que foi unha modificación directa das ordenanzas fiscais.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que a súa proposta se axusta ao que o Interventor lles dixo en anteriores informes de modificación de ordenanzas fiscais. É o que se lle dixo tamén na moción da Sra. Martínez Candal, que o pleno non pode tomar automaticamente esa decisión, que lle compete ao Alcalde. Por iso para o facer legal instan ao alcalde a que leve a cabo esas modificacións. Que inicie o trámite pertinente coa comisión correspondente e que o traia ao plenario para ser aprobado definitivamente.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que non está de acordo coa subida do imposto a vivendas valeiras. Pídelle que saque ese punto, senón abstéñense, se o elimina votarían a favor.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que tampouco esta de acordo co punto segundo por que pode haber xente que sexa emigrante e que teña aquí unha vivenda para utilizar so no verán, tampouco están empadroados por que tributan fora, non teñen por que experimentar esta subida. Se o elimina tamén votarían a favor.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, voceira do grupo político UxO, que sinala que coinciden plenamente co que acaban de aportar os compañeiros. Están de acordo co pago fraccionado, coa ordenanza fiscal nº 4. Hai moita xente que ten pisos desocupados. É moi difícil favorecer a súa



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 20

ocupación. É moi difícil poder alugalos. Alégrase de que lle faga moito caso aos informes dos técnicos. No pleno do 1 de marzo o informe do técnico dicía o contrario e fixo caso omiso a ese informe. Hoxe vemos que os informes dos técnicos son totalmente válidos para vostede. Iso tamén é importante.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que en canto á fiscalidade de inicio deberíamos fiarnos do interventor municipal. O informe de intervención en canto ao punto segundo di que é de moi difícil aplicación. Xusto e equitativo tampouco lle parece. Con respecto ao fraccionamento do tributo xa esta regulado pola propia Deputación, xa foi informado no 2013 nunha moción do PSOE. Temos unha circunstancia especial pola delegación da xestión na Deputación que xa contempla o fraccionamento ou aprazamento das débedas superiores a 100 euros. Con respecto ao inicio remítese ao informe de intervención coa salvedade que fai ao respecto de como se garanten as circunstancias de fomento do emprego. Isto é moi xenérico, habería que ir despois caso por caso. Habería que matizar hoxe moito máis a que se quere referir con iso. Como se advirte no informe nunca se pode recuperar o que se perdeu con anterioridade. Sería inviable dende un punto de vista normativo e legalista. O voto baseándose no informe de intervención o seu voto vai a ser negativo. Se votan a favor estudarán a viabilidade no seu día. non ven a moción para nada fora de lugar, pero o informe técnico ten as súas dúbidas legais.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que con respecto á recarga do IBI entenden os seus reparos, pero tamén hai moita xente nova que traballa que non ten posibilidade de acceder a un inmovible para independizarse. A recarga pode axudar a baixar o valor das vivendas, que haxa máis oferta ou tamén aluguer. Visto que a corporación non ve ben esta medida e en aras do consenso de intentar aprobar unha rebaixa de impostos nos outros puntos optan por retirar o punto dous tamén. Quedaríanse co terceiro e cuarto. Xa é unha proposta recorrente pola que entendemos que os tributos municipais deben ser recadados polo Concello, a Deputación está a cobrar uns 160.000 euros/ano por esa recadación, sería máis económico a recadación directa. Así se demostra como veu a facer recentemente o Concello de Ames. Polo que é posible establecer o fraccionamento do tributo. Nos últimos anos multiplicouse a xente que comunicou o fraccionamento do tributo. O informe de intervención no último punto esta errado por que entende que pretendemos a bonificación do imposto no IBI, estamos a falar do ICIO. Ten razón, aceptamos do informe a petición de fixar un mínimo de persoal censado, que eliminaríamos, deixaríamos a redacción do parágrafo. É certo que non esta definido as rebaixas propostas, é algo que deberíamos acordar o baremo na comisión informativa. Feitas as correccións que nos piden os compañeiros espera que se poidan aprobar estes puntos.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que coa eliminación do punto dous o seu voto vai a ser favorable.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que votarán a favor.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, voceira do grupo político UxO, que sinala que tamén votarán a favor.



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 21

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que Séguelles preocupando o punto do fraccionamento, de que maneira pretende fraccionar algo que ata o 15 de setembro non se pode empezar a cobrar por que non o pode trasladar ao exercicio seguinte salvo que sexa polo mecanismo da Deputación. se isto vai vinculado a que se recupere a xestión tributaria o seu voto vai a ser negativo. Na moción non se fala do que vostede despois expresou no seu argumentario de que isto é viable dende o momento en que se recupere a xestión dos tributos. Sen recuperalo ten que ser consciente de que non é posible, a Deputación xa ten un mecanismo. O que di non nos leva a ningún lado. Con respecto ao ICIO están de acordo se esa bonificación é legal.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de once votos a favor (6 grupo político UxO, 2 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE, Sr. Caamaño Fraga e Sra. Martínez Candal), cinco votos en contra (grupo político PP), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

1.- O pleno do Concello de Ordes esixe ao alcalde a levar a cabo, de cara a ter efectos no ano 2018 e vindeiros, a tramitación da Modificación da Ordenanza Reguladora do Imposto sobre Bens Inmóveis para establecer un mecanismo que posibilite o pagamento fraccionado do tributo.

2.- O pleno do Concello de Ordes esixe ao alcalde a levar a cabo, de cara a ter efectos no ano 2018 e vindeiros, a tramitación da Modificación da Ordenanza Fiscal nº4, Reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, para establecer unha bonificación ás empresas por concorrer circunstancias de fomento do emprego, cuestión de especial interese ou utilidade municipal. Dita bonificación deberá ser variable en proporción á cantidade de postos de traballo a crear e coa condición de mantemento dos postos de traballo ou dun persoal neto en cómputo anual durante o período que se determine, ademais debendo fixar un mínimo de persoal censado no concello de Ordes.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que formula a moción que se transcribe a continuación.

“As instalacións da estación do tren de Fosado, atópanse nun estado deplorable que reflicten un notable abandono por parte do Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF) e a unha falta de mantemento.

Humidades nas paredes do paso subterráneo que comunica os andéns, desconchóns nas paredes das escaleiras, lixo acumulado nas papeleiras, luces fundidas no paso subterráneo, oxidacións nos soportes, cristais rotos ....

Indicar que esta estación, a pesar de que a súa ubicación non é a máis axeitada e que provoca unha infrautilización, segue a ser empregada por usuarios que collen o tren en Fosado para viaxar a Pontevedra, Vigo, A Coruña Ourense, ...etc. ou que se apean del nesta estación. Estes usuarios son, fundamentalmente, as diferentes promocións de estudantes que escollen o tren como medio de transporte durante o curso.





## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA N° 22

Este abandono está a provocar situacións de perigo e inseguridade nos cidadáns que acoden ata Fosado para facer uso do transporte ferroviario.

E polo que propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

Solicitar ó ADIF que manteña a estación de Fosado nunhas condicións de seguridade e salubridade axeitadas”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de dezaseis votos a favor (6 grupo político UxO, 5 grupo político PP, 2 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE, Sr. Caamaño Fraga e Sra. Martínez Candal), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que están a favor do coidado das instalacións públicas, van a apoiar a moción.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que xa denunciaron o estado de abandono da estación no ano 2008. Parécelle acertado por que dende o ADIF se abandona o mantemento desta estación esta vai a desaparecer. Votarán a favor.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, voceira do grupo político UxO, que sinala que están de acordo por que é flagrante o estado de abandono. Tamén hai que aproveitar para sinalizar, hai moita xente que se perde.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se suman a esta petición, dándolle traslado ao ADIF.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de dezaseis votos a favor (6 grupo político UxO, 5 grupo político PP, 2 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE, Sr. Caamaño Fraga e Sra. Martínez Candal), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

Solicitar ó ADIF que manteña a estación de Fosado nunhas condicións de seguridade e salubridade axeitadas.

Intervén a Sra. Iglesias Mirás, en representación do grupo político UxO, que formula a moción que se transcribe a continuación:

“No Concello de Ordes estamos asistindo a unha multiplicación da contratación menor, co obxectivo de reducir as esixencias da tramitación, mediante, en moitos casos á apelación a urxencias inaprazables con limitación das regras de publicidade, o que está a contribuír a xerar



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 23

unha desconfianza que podería ser corrixida coa mellora das regras de transparencia e libre concorrència na xestión da contratación menor por parte do Goberno Municipal.

Esta necesidade non é baladí, xa que estas actuacións de aumento da transparencia na contratación contribúen a rexenerar o sistema democrático e a mellorar a imaxe que a cidadanía ten das institucións. Nese sentido, na contratación pública, a aparición por Lei do “Perfil do Contratante” foi unha notable mellora nese sentido.

Con todo, é recomendable introducir medidas no ámbito local que melloren a transparencia e favorezan a libre concorrència nos contratos menores, partindo da premisa de que o Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público establece uns criterios mínimos en orde á necesidade de garantir a transparencia e a libre concorrència na contratación administrativa, criterios que, como é obvio, poden ser obxecto de mellora no exercicio das competencias que a autonomía local reserva aos municipios.

En conclusión, os principios xerais de libre concorrència, igualdade e non discriminación da contratación administrativa, tamén deben estar presentes na contratación menor, e ese obxectivo é o que inspira a presente iniciativa de Unión Por Ordes.

Por todo isto o Grupo Municipal do UxO propón ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

O Pleno da Corporación Local, en exercicio das competencias que lle confire a lexislación en réxime local, establece que os contratos menores de obras por contía superior a 3.000 euros e de servizos e subministro por contía superior a 1.000 euros, deberá conter, como mínimo, a seguinte tramitación administrativa:

1) Unha proposta inicial de adquisición razoada, detallada e valorada, na que, como mínimo, figurarán: obxecto, orzamento de licitación, financiamento, forma de pago, prazo de execución e dereitos e obrigas das partes e criterios que se utilizarán para das ofertas e a súa ponderación.

2) Solicitude de tres ofertas como mínimo, que poderá ser realizada mediante consulta directa a empresas ou profesionais, debendo xustificarse as razóns que motivan a elección das citadas empresas ou profesionais; en calquera caso, o anuncio de solicitude de ofertas publicarase tamén no Perfil do Contratante, aos efectos de garantir a libre concorrència.

3) As ofertas serán presentadas en sobre pechado e serán abertas en Unidade de Acto polo órgano de contratación, en presenza do secretario municipal, quen, na súa condición de fedatario público, levantara acta do contido das ofertas.

4) Unha vez realizadas as comprobacións pertinentes, a fin de acreditar o cumprimento polas entidades ou profesionais ofertantes dos requisitos para contratar (en especial atoparse ao corrente das obrigas tributarias e de seguridade social), ditarase resolución motivada polo órgano de contratación, na que se adjudicará a realización do contrato e se establecerán os elementos esenciais da relación contractual: obxecto, prezo, forma de pago, prazo de execución e dereitos e obrigas recíprocos”.





## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 24

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de once votos a favor (6 grupo político UxO, 2 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE, Sr. Caamaño Fraga e Sra. Martínez Candal), cinco votos en contra (grupo político PP), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, voceira do grupo político UxO, que sinala que quere facer unhas matizacións ao informe de Secretaría incorre nun erro ao confundir a competencia para a adxudicación dos contratos menores que reside no órgano de contratación, que é o Alcalde ou a Xunta de Goberno Local, coa competencia para establecer os criterios normativos que rexen a tramitación dos contratos menores que se regula nas bases de execución do orzamento municipal e cuxa aprobación corresponde ao pleno da corporación segundo establece o texto refundido da lei das facendas locais. Na impide que nas bases de execución dos orzamentos se establezan criterios que amplien a concorrencia e transparencia da tramitación dos contratos establecida na lei de contratos do sector público. Na inmensa maioría das bases de execución das administracións locais se establecen criterios de mellora da libre concorrencia e transparencia na contratación administrativa. Feitas estas consideracións debemos lembrar que estas consideracións contidas na moción deste grupo municipal son as que rexen nas bases de execución dos orzamentos da Deputación Provincial de A Coruña, entidade que incluíu estes criterios na tramitación da contratación menor con pleno respecto á legalidade.

Intervén o Sr. Secretario, que sinala que iso está moi ben, pero vostede non trae aquí unha modificación das bases de execución. Vostede pretende que sexa un acordo de aplicación directa. Se quere que se tramite como vostede di o lóxico e que traia unha modificación das bases de execución. O Orzamento municipal é un documento que elabora o alcalde, as bases de execución é un documento que elabora o alcalde. Sería o Alcalde o que tería que facer esa modificación das bases de execución.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, que sinala que unha das emendas que van a presentar aos orzamentos é a modificación das bases de execución.

Intervén o Sr. Secretario, que sinala que tal é como esta redactada a moción non ten nada que ver co que vostede esta dicindo. Se pretende que esta moción se aplique directamente, as bases de execución levan unha tramitación, igual que o orzamento. Preséntase a modificación, aprobase inicialmente, exponse ao público e aprobación definitiva. A súa argumentación xurídica está moi ben, non concorda co que se presenta. Tería que retirar a moción e traela outro día como modificación das bases de execución dos orzamentos.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, que sinala que non va retirar a moción.

Intervén o Sr. Secretario, que sinala que a súa moción non ten relación coa argumentación xurídica que deu agora.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, que sinala que o Secretario no seu informe fala da competencia para a adxudicación dos contratos menores, non se meten nesa competencia, que



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 25

entenden que reside na Xunta de Goberno Local e no alcalde e si nos criterios normativos que deben rexer na súa contratación como fan outras entidades, como a Deputación Provincial

Intervén o Sr. Secretario, que sinala que entón obsérvese o que fixo a Deputación Provincial. Isto que vostedes traen é en parte unha copia da base de execución 28 dos orzamentos da Deputación Provincial onde se regula a contratación menor. Vostede non di aquí en que base de execución do orzamento vai a ir regulado isto.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, que sinala que xa llo diremos na emenda que imos a presentar para os orzamentos con posterioridade.

Isto non ten sentido, por que este acordo é aplicable dende o momento da súa aprobación. O concello tería que empezar a cumprilo o luns, non ten sentido unha modificación a posteriori das bases de execución. A moción é un contrasentido coa súa argumentación xurídica.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, que sinala que esta é unha moción en aras da transparencia na contratación menor.

Intervén o Sr. Secretario, que sinala que o informe que se fixo é en base a súa moción. Se me fala de modificación das bases de execución do orzamento iso será obxecto de outro informe.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, que sinala que non vai a discutir se lle parece correcto o meu argumentario. Este é o seu argumentario. Van a facer un argumentario político, o seu é técnico e así o vamos a facer constar no debate da moción, que non van a retirar.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que os político son así, atrévense a pedir o que nunca fixeron. Está a favor da transparencia, de feito unha das mocións aprobadas fai dous meses contiña que se publicasen os contratos menores como así o esixe a lei de transparencia. O goberno segue sen publicalos.

Intervén o Sr. Secretario, que sinala que se se comproba o perfil do contratante verá que están postos.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que vai a facer unha reflexión da actual forma de contratar os contratos menores. Parécelle que é sen ningún tipo de control por parte dos técnicos que non sexa outro que o de por reparos cando lle chegan as facturas. É algo que se herda de alcalde en alcalde por que sexa máis cómodo, da máis marxe para contratar a dedo, e nos servimos da lei non escrita de que así se fixo sempre. Chegou a hora de cambiar as cousas e o momento de que a transparencia sexa por fin unha realidade. Escoitarán as demais intervencións por que a proposta non deixa de ser criticable por vir de quen ven.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que xa presentaron unha moción sobre transparencia fai máis de un ano. Sempre que sexa posible de acordo á legalidade votarán a favor.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que no pleno de novembro de 2015 este grupo trouxo unha proposta sobre procedementos de contratación no



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 26

concello de Ordes. Propoñían abandonar o procedemento de contratación negociado sen publicidade por razón da contía. Procedemento polo que se convida a tres empresas a dedo para a realización dun determinado traballo. O que propoñían era mudar ese sistema por un procedemento aberto no que calquera empresa decida participar libremente e coa mesma oportunidade de acceso para a realización do traballo. Nese pleno a moción foi rexeitada cos votos en contra do PP e a abstención de UxO. En outubro de 2016 aprobouse o pagamento de facturas por importe de 109.000 euros onde no expediente figuraba un informe de intervención onde se dicía que non lle constaba que fose incoado no seu momento expediente de contratación. Na conta xeral é recorrente un informe de intervención no que se di que se tramitaba un contrato menor con facturas todos os meses por servizos prestados que entende que deberían ser obxecto dun expediente de contratación. O mesmo nivel de esixencia que tivemos na anterior lexislatura a temos co actual goberno. No facebook de Populares de Ordes de 15 de maio de 2015 di Queremos un concello transparente, sen favoritismos, todas as axudas se farán por concurso público. Non están a cumprir o que venderon en campaña electoral. Non todas as contratacións se están facendo mediante concurso público. Abusan igual que na anterior lexislatura do procedemento negociado, sen publicidade, por razón da contía. Por coherencia co que sempre o BNG defendeu dende esta bancada, nos contratos menores débese cumprir a lexislación vixente. Non se pode sacar todo a concurso público senón paralizaríamos o concello. Si todo aquilo que non sexa contrato menor, nos se gobernásemos así o faríamos, debería ser a través dun procedemento aberto para que todas as empresas tiveses as mesmas posibilidades de acceder. En base a esa coherencia, non é o que se pide nesta moción van absterse.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que xa lle dirán se non cambiou a maneira de contratar, que baixas se están acadando, ata onde están chegando en moitos casos. A parte negativa é cando te atopas coa realidade, cando che chegan moitos expedientes que fan inoperativo. Nos contratos menores sempre se cumpriu coa legalidade. No resto dos contratos sempre se fixo procedemento negociado con publicidade, excepto naqueles casos en que por urxencia había que sacar o expediente adiante que se tramitaron por procedemento negociado sen publicidade. Esta moción tal é como sinala o informe de secretaría non é unha competencia do pleno, corresponde á xunta de goberno local a adxudicación dos contratos menores. Esta moción que presentan é ilegal, pouco operativa e pouco sería. É a xunta de goberno local a que de consideralo necesario podería aprobar estas normas de tramitación para os contratos menores, nunca o pleno. Que o grupo de goberno este integrado a día de hoxe por cinco concelleiros non quere dicir que o alcalde ou a xunta de goberno local perderan as súas competencias e que o pleno pode decidir sobre o que queira por que son doce concelleiros. A lei define claramente cales son as competencias do alcalde, as da xunta de goberno local e as do pleno. Non podemos estar todos os plenos ordinarios debatendo sobre a mesma cuestión. O alcalde non pode dedicarse todos os plenos a defender as súas competencias. Pídelle que sexan un pouco máis serios con este tipo de cuestións. Que despois teñan que chegar aquí a debates cos técnicos parécelle absurdo e ridículo. España de momento aínda é unha democracia, e o que é máis importante un estado de dereito, o que implica que hai que cumprir a lei. Niso temos que estar todos, o alcalde como primeiro veciño, pero tamén todos e cada un dos concelleiros que forman a corporación. Non se pode falar de transparencia, de non xerar desconfianza, cando hai concelleiros ou grupos políticos que non están dispostos a respectar as regras de xogo. Aínda que o grupo de goberno estivese integrado por un concelleiro, o alcalde seguiría a manter as súas competencias. Recórdalles o que pasou en Miño durante este mandato 2015-2019. Eu vou a seguir sendo o alcalde de Ordes, con sete, cinco ou menos concelleiros. E iso será así en tanto non dimita ou se me cese mediante unha moción de censura á que os invita a sacar adiante, e teño as competencias que me recoñece a lei. Pídlles que respecten iso, como mínimo. Se non



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 27

me queren respectar a min, respecten a lei. É pouco operativa, por que os limites a partir dos que se pretende que se tramite un expediente de contratación o único que van a conseguir e burocratizar e paralizar o funcionamento do concello, e non ten xustificación algunha. A base de execución 28ª dos orzamentos da Deputación Provincial da que se fai unha mala copia por parte deste grupo político ten uns limites mais razoables para permitir un funcionamento normal do concello. É pouco seria, primeiro por que vostedes con esta moción o que pretenden é enredar, entorpecer a labor de goberno. Vostedes cando gobernaron puideron aprobar estas medidas e non o fixeron. Vostedes non creen na transparencia. o que definiu a súa forma de gobernar foi a opacidade. Opacidade coa que se seguen a traballar dende a oposición politicamente falando. En política como na vida hai que ser coherente, e vostedes é algo que descoñecen. Non lle pidan aos demais algo que vostedes non aplican a si mesmos. Esta moción é un corta e pega da base de execución 28ª dos orzamentos da Deputación Provincial. e como toda copia, mal feita, omitindo palabras. Sabe dicirme onde esta mal. Se non sabe terá que lle preguntar á persoa que lle fixo o texto da moción ou o informe que acaban de ler. Vou a lerlla a ver si atopa o erro. A base 28ª. contratos menores. apartado a.1. tramitación xeral. “o expediente conterá unha proposta de adquisición razoada, detallada e valorada na que figurarán, como mínimo, os seguintes datos: obxecto, orzamento de licitación, financiamento, forma de pago, prazo de execución e dereitos e deberes das partes e os criterios para a valoración das ofertas e a súa ponderación”. Limitase a ler a súa moción e ver os erros que ten. Son vostedes os que a presentan mal. Eu non me creo máis listo ca vostede. nin creo que vostede non sexa unha persoa intelixente. Esta no seu dereito de examinar a súa moción e ver os erros. Estou farto desa consideración de que so me dedico a corrixir os seus erros. A considero suficientemente intelixente para que entenda que estou no meu dereito de indicarlle que a súa moción ten erros. Por ultimo, indicarlles que no caso de que aproben a presente moción, pola xunta de goberno local, como órgano de contratación competente para a adxudicación dos contratos menores, fixaranse os criterios para a tramitación dos expedientes destes contratos. Quero aclararlle que un contrato menor non é so o que se acorda de forma expresa pola xunta de goberno local, se non todo contrato administrativo por importe inferior aos sinalados pola lei de contratos. se queren demostrar que o actual goberno de Ordes utiliza a figura dos contratos menores mais que o anterior goberno habería que ver todas as facturas aprobadas pola xunta de goberno local correspondentes a contratos por eses importes. É asegúrolles que estaremos nunha situación semellante ou practicamente idéntica. Para rematar pídelles que respecten a lei, se queren facer unha emenda ás bases de execución dos orzamentos a fagan, xa falarán ao respecto. De momento o seu voto vai a ser negativo.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Regos Boquete, en representación do grupo político UxO, que sinala que ve ao Sr. Alcalde moi nervioso, non se altere. Todos cometemos erros, os técnicos tamén, somos humanos, a veces confundimos os informes, igual está mal redactada a moción. Non falamos do órgano de contratación, sabemos quen é o Alcalde ou a Xunta de Goberno Local. Estamos a falar da transparencia nos contratos. Nos fomos tan malos e non o fixemos. O Sr. Alcalde e o PP no seu programa electoral o din ben claro, transparencia, todo á luz pública. Á luz pública so sae o que lle obriga a Deputación Provincial que está gobernada polo BNG e o PSOE por que non lle queda máis remedio. Senón sacaría todo por procedemento negociado sen publicidade. Os contratos menores son os que son. En base a un informe que teñen, esa Base 28 a coñecen ben,



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 28

saben o que di. Pódese facer esta modificación. Hai unha lei superior, hai unha Directiva europea 2014, vai a cambiarse a lei de contratos do sector público e sobre todo para regular os contratos menores. Ese é un caixón sen fondos, onde non se controla nada, algún día haberá que facelo. Vamos a empezar en Ordes como en outros concellos de Galicia. Europa di que se lle dea publicidade aos contratos menores para promover a concorrència e se publique en prensa, perfil do contratante, ...etc. non estamos a infrinxir ningunha lei, estamos a avanzarnos ao que vai a pasar en España, en Europa e como non en Ordes. Manteñen a proposta por que é lóxica, non vai descamiñada, non vai a entorpecer a labor de goberno como foi a través da baixada de impostos. Xa lle adianto que no pleno igual vamos a baixar algún imposto máis por que neste momento Ordes non soporta o desemprego que temos. Hai que crear empresas, traer xente que queira vivir aquí. É mellor cobrar menos e que sexamos máis cada día. Perdéronse seiscentos habitantes en pouco tempo, as empresas se van, e o desemprego está no 18, 19 ou case rozando o 20%. Isto non pode ser, sabemos que os tempos son difíciles e para axudar á xente hai que baixar os impostos. Van a manter a moción. Vostede predica no seu programa electoral máis transparencia e máis honradez.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, sinala que está de acordo co que dixo o compañeiro do BNG, úsanse os mesmos métodos que na anterior lexislatura. O exemplo foi o Plan Marco de 2016 cun procedemento negociado sen publicidade. Para este plan non había prazo de contratación, so que se acercaban as eleccións autonómicas. É máis fácil contratar a dedo e por iso van a apoiar esta moción.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que se reafirma no que dixo na súa primeira intervención. Sempre que se ataña á legalidade apoiaremos esta moción.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que como dixo o Sr. Regos se a Deputación non esixise que os procedementos se sacasen en aberto, moitos serían por procedemento negociado, sen publicidade, por razón da contía. En campaña venden unha cousa á hora do goberno fan outra. Non se están a sacar todas as licitación por procedemento aberto como dicían no facebook, hai procedementos negociados sen publicidade. Entenden que o procedemento de contratación menor débese esixir que se cumpra a lexislación e se sigan os trámites legais. Hai determinadas actuacións que non se poden sacar a concurso público non é operativo. Todo o que non sexa contrato menor, que tamén se podería sacar nalgún caso a concurso público pola súa contía, debería ser por procedemento aberto. Por coherencia co que sempre defenderon e trouxemos ao pleno noutras ocasións, neste punto van a optar pola abstención.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non está nervioso, pode vostede estar tranquilo. Os tempos do nerviosismo van a chegar en breve. Cando traian as súas propostas falaremos doutras cuestións que están por aí pendentes. Aí está o informe do Secretario municipal, non nos queda máis remedio que seguir dicindo que o que vostedes traen non se pode cumprir. Á vista do que vostedes adopten veremos que se fai a semana que ven na próxima xunta de goberno local o venres. A partir de aí xa veremos como actuamos. Veñen aquí e traen propostas que despois terán que resolver os técnicos. A obra da que vostede fala tiña unha prazo de execución e era moi interesante tela feita para as festas da parroquia, non para as eleccións autonómicas que foron en setembro, eran os veciños de Barbeiros os que demandaban que para o 15 de agosto estivese esa actuación nesa parroquia. Como vostede naquel momento estaba comigo en non me fixo ningún tipo de advertencia ao respecto, estivo na mesa de contratación. Vostede enterome





## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 29

agora a través dos contratistas tiña unha costume de falta de respecto ao Alcalde ao que chamaba Dios. Non me queda máis remedio que tirar para adiante. Gracias aos catro compañeiros que seguen a estar comigo. O seu voto vai a ser negativo. O venres tratarán de reverter esta situación que polo que ve vostedes van a aprobar hoxe aquí.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de nove votos a favor (6 grupo político UxO, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE, Sr. Caamaño Fraga e Sra. Martínez Candal), coas abstencións (2 grupo político BNG), cinco votos en contra (grupo político PP), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

O Pleno da Corporación Local, en exercicio das competencias que lle confire a lexislación en réxime local, establece que os contratos menores de obras por contía superior a 3.000 euros e de servizos e subministro por contía superior a 1.000 euros, deberá conter, como mínimo, a tramitación administrativa que se sinala no texto da moción.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do grupo político PP que formula a moción que se transcribe a continuación.

“A posta en marcha do Plan de Transporte Metropolitano da Área da Coruña, co seu sistema de integración tarifaria, a bonificación dos billetes e a gratuidade dos transbordos, supuxo un salto cualitativo que mellorou substancialmente as relacións de mobilidade entre os 17 municipios integrados no programa, con incuestionables beneficios para os veciños de Ordes.

O continuo seguimento revela que existe un potencial de incremento do atractivo do servizo de transporte público colectivo, que pasa pola mellora da accesibilidade dos autobuses ao centro urbano da Coruña e pola conectividade das redes de transporte urbana e metropolitana.

Para aproveitar ese potencial, e co obxectivo último de fomentar o transporte público por estrada nesta área e a redución do número de vehículos particulares que circulan polas nosas rúas, cómpre que as administracións cooperen e busquen fórmulas axeitadas para facilitar os desprazamentos dos veciños.

O Plan de Accesibilidade do transporte interurbano ao centro urbano da Coruña, que abre a posibilidade de que 43 liñas interurbanas realicen paradas nos lugares de máis interese para os veciños da área (Praza de Ourense, Entrexardins, Praza de Pontevedra, Linares Rivas, Alfonso Molina e A Palloza), representa unha oportunidade que reforza o atractivo do transporte público con viaxes máis curtas e menos transbordos.

Deste xeito, esta iniciativa supón mellorar a mobilidade no contorno metropolitano e contribuír a desconxestionar o tráfico e reducir a contaminación ao preverse un incremento mínimo do 10% nos usuarios do transporte público nas liñas que accederán ao centro da cidade.

O deseño deste plan responde á premisa de evitar unha incidencia negativa na fluidez de tráfico, para o cal se realizou un meticuloso estudo baseado en microsimulacións nos distintos



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 30

nodos de maior intensidade de vehículos da cidade. Co fin de reforzar as garantías nese sentido, no marco da Comisión de Seguimento do Plan de Transporte Metropolitano da Área da Coruña, o pasado 19 de abril, acordouse unha posta en marcha gradual, ademais de realizar un seguimento permanente do seu funcionamento.

Sen embargo, a posta en marcha do Plan só será posible cando o Concello da Coruña emita as licenzas municipais necesarias para acometer as obras de adecuación das paradas.

O Plan de accesibilidade do transporte interurbano ao centro urbano da Coruña foi obxecto dun amplo proceso de participación, sometido a numerosos debates colectivos e xuntanzas de traballo bilaterais da Xunta de Galicia e o Concello da Coruña. Realizouse una xornada informativa (7 de xullo de 2016) para todos os municipios e axentes sociais e profesionais implicados, foi sometido dúas veces a información pública (en xullo de 2016 e xaneiro de 2017) e foi debatido catro veces na comisión de seguimento do Plan de Transporte Metropolitano (en abril 2016, en novembro de 2016, en xaneiro de 2017 e finalmente o 19 de abril).

Nesa última reunión da comisión de seguimento do Plan de Transporte Metropolitano da Área da Coruña abordouse a configuración final do plan, explicáronse as alegacións e a súa resposta xustificada por parte da Xunta de Galicia, sen que ningún concello manifestase oposición á súa aprobación.

O plan de accesibilidade do transporte interurbano ao centro urbano da Coruña, é a vía máis axeitada para responder ao obxectivo das administracións públicas de incrementar o uso do transporte público, respondendo á demanda cidadá de facilitar que os autobuses interurbanos os acheguen máis aos viaxeiros ao seu destino final, eliminando transbordos e reducindo tempos de percorrido.

O principal beneficiado deste plan é o viaxeiro, e dende logo, o veciño de Ordes, que verá diminuído o tempo total da súa viaxe e polo tanto, aumentará a súa comodidade. Máis de 2 millóns de viaxeiros anuais que entran á cidade e outros tantos de saída veranse beneficiados polo Plan.

Por todo isto, propónse ao Pleno a adopción do acordo seguinte:

- Dirixirse ao Concello da Coruña para que permita a posta en marcha gradual, canto antes, do Plan de Accesibilidade do transporte interurbano ao centro urbano da Coruña e, nomeadamente, que:
  - Emita a autorización das licenzas municipais necesarias para acometer as obras de adecuación das paradas responsabilidade da Xunta de Galicia.
  - Contrate e execute á maior brevidade as obras correspondentes ao Concello da Coruña
- Dirixirse á Xunta de Galicia para que poña en marcha á maior brevidade o Plan de Accesibilidade do transporte interurbano ao centro urbano da Coruña e, nomeadamente, que:
  - Contrate e execute as obras da súa competencia en canto conten coa licenza municipal.
  - Inicie a posta en marcha gradual do plan en canto sexa posible”



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 31

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de dezaseis votos a favor (6 grupo político UxO, 5 grupo político PP, 2 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE, Sr. Caamaño Fraga e Sra. Martínez Candal), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinal aque está de acordo co plan de transporte que presenta a Xunta. Nun plan así deberían ter tido en conta todos os custes de todas as obras necesarias. Porque por moito que digan que moitas son por conta do concello da Coruña ten máis infraestrutura presupostaria a Xunta de Galicia.

Intervén a Sra. García Gómez, en representación do goberno municipal, que sinala que se lle está a pedir a ambas dúas administracións no marco da súa competencia. A Xunta de Galicia nunca podería actuar se non ten a licenza do concello da Coruña.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que pregunta se se pretende que se apoie polo concello de ordes algo no que se ve unha clara falta de comunicación na que nada temos que ver. Terán que aprender a comunicarse mellor. Se non son capaces de reunirse os Alcaldes das mareas cos do PP, os de Ordes non lle temos culpa. Iso está na prensa. Forman parte da directiva do partido, con amizades das que alardean para necesitar dun acordo plenario. Pero claro as veces hai que baixar do pedestal.

Intervén a Sra. García Gómez, que sinala que non se pode mesturar o problema que ten a área metropolitana de A Coruña con este plan de accesibilidade de transporte interurbano da Coruña que afecta aos dezasete concellos que nada teñen que ver coa área metropolitana. Pode haber algunha coincidencia, non se estar a falar do mesmo.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que do que vostede fala é do problema que hai para a creación da área metropolitana de A Coruña coa que non se dan posto de acordo. No plan de accesibilidade o concello de A Coruña non presentou ningunha alegación e comprometeuse a facer estas obras. O problema do goberno autonómico que ten aprobado o plan de accesibilidade é que non lle dan as licenzas para executar as obras que lle corresponde facer á Xunta de Galicia. Este é o problema que hai e os retrasos que está a provocar.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que na liña cos seus compañeiros do PSOE de A Coruña que non comparten o Plan Metropolitano da Xunta de Galicia, habería que introducir unha emenda nesta moción instando á Xunta de Galicia e concello de A Coruña a sentarse e resolver o problema.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que repite o dito anteriormente, o concello de Ordes non forma parte da área metropolitana, tampouco Laracha, Carral. Non se mesture a área de transporte metropolitano co área metropolitana coa que se pretenden facer outras actuacións. Aquí fálase do problema do plan de transporte coa accesibilidade. O problema é que como non se poden executar as obras non se pode por en funcionamento na data prevista. Non podemos entrar no debate da área metropolitana.





## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 32

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que en principio nos imos a abster.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que como concelleiro de Ordes non ten ningunha razón para dicir se o concello de A Coruña ten que dar esa licenza, non coñece o expediente, non sabe en que se base. Os servizos técnicos de A Coruña terán as súas razóns para non conceder as licenzas. A Xunta de Galicia tamén terá os seus asesores legais que lle dirán se esa licenza debe concederse. Se é algo legal terán que metelo por vía xudicial. Intentar sacar balóns fora, instando polos concellos de arredor ao concello de A Coruña non lles parece a media axeitada. A Xunta de Galicia terá que coller o toro polos cornos iniciar o trámite legal para conseguir a licenza ou optar por outra vía. Vista a falta de datos a súa posición vai a ser a abstencións.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, voceira do grupo político UxO, que sinala que lles ocorre o mesmo. Saben que é unha moción do grupo do PP que se está a levar a moitos concellos. Este é un plan que se está a negociar, as partes non se entenden. Nos formamos parte dun plan que é unha parte de un todo. Mentres as partes non aproben ese todo, nos aquí pouco podemos dicir. Terán que sentarse as partes, chegar a un acordo, chegar a un consenso. Aínda se fixeron as últimas alegacións en abril de 2017.

Intervén o Alcalde, que sinala que se están a mesturar as reunións ás que foron os alcaldes esas son as diferenzas. As alegacións se formularon no ano 2016, xa foron respostadas, hai acordo con respecto ao que lle compete facer ao concello de a Coruña e á Xunta de Galicia. Estamos a falar do plan de accesibilidade do plan de transporte metropolitano que é unha competencia da Xunta de Galicia. Non ten nada que ver coa área metropolitana.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, voceira do grupo político UxO, que sinala que forma parte de un todo. Non temos toda a información, imos a votar en contra por coherencia.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non ten nada que ver. Non hai unha comunicación entre as partes. Votarán a favor. O que piden é que as obras se poidan facer.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría oito votos en contra (6 grupo político UxO, Sr. Caamaño Fraga e Sra. Martínez Candal), cinco votos a favor (grupo político PP), e coas abstencións (2 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, resultou rexeitada a moción presentada polo grupo político PP.

### **PUNTO OITAVO: ROGOS E PREGUNTAS.**

Ao abeiro do disposto no art. 21 do Regulamento Orgánico Municipal, o Sr. Alcalde abre unha quenda de rogos e preguntas, dirixíndose aos Srs. Concelleiros por se desexan intervir neste sentido, sinalando que as preguntas formuladas polos Srs. Concelleiros serán contestadas



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 33

polo seu destinatario na sesión seguinte, sen prexuízo de que o preguntado queira darlle resposta inmediata.

Primeiramente ábrese unha quenda de formulación de rogos polos distintos grupos políticos.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que formula os rogos seguintes.

- Veciños da Rúa Pascual Veiga, no Paraíso, fixéronnos chegar á Agrupación socialista de Ordes a queixa de que a maleza está invadindo a beirarrúa tal como se amosan nas fotos, dificultando o paso de peóns, carriños de bebés, persoas en cadeira de rodas, etc.

Na súa condición de voceiro municipal do PSdeG-PSOE no concello de ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Instamos ó Concello de Ordes a que actúe de inmediato procedendo ó desbroce e limpeza que invade a beirarrúa.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que xa se fixo a limpeza

- Veciños da parroquia de Mercurín fixéronnos chegar una petición á Agrupación Socialista de Ordes para instalar unas farolas entre Guntín e Carracedo debido a que xente maior que acude á misa, sendo esta as 9 da noite, o cal o maior tempo do ano hai escuridade, polo que dependen moitas veces de ter una persoa que os traslade en coche.

Na súa condición de voceiro municipal do PSdeG-PSOE no concello de ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Instamos ó Concello de Ordes a que instale como mínimo 3 puntos de luz, existindo en este tramo apoios onde se poderían ubicar, para que estes vecinos poidan desprazarse desde Guntín a Carracedo con seguridade e sen depender de terceiras persoas.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que verase o lugar e valorarase a colocación, irase a ver.

- Veciños do núcleo urbano queixáronse á Agrupación Socialista de Ordes de que hai aplicación de mapas de navegación GPS e rúeiros que non están actualizados cos nomes actuais das rúas de Ordes, cambiadas en cumprimento da Lei de memoria histórica. Por exemplo os mapas de Google ou APP Sygic de navegación GPS, que seguen mantendo nomes de rúas de personaxes da época franquista, por exemplo a Rúa José Antonio no canto de Rúa Recreo.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA N° 34

Tamén dentro deste rueiro aparecen antigas denominacións de rúas como a Rúa tras do campo da feira sendo actualmente Rúa Euloxio Ruibal.

Na súa condición de voceiro municipal do PSdeG-PSOE no concello de Ordes fórmulle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Instamos ó Concello de Ordes a que se dirixa ós propietarios das aplicacións de mapas, aplicacións de navegación GPS, rueiros, etc. a comprobar e actualizar os mapas cos nomes actuais das rúas de Ordes.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que remitirán os rueiros. Vai a ser difícil que poida ser.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes.

- Recentemente foron retirados varios bancos no paseo Iván Raña Fuentes. No pavimento tapáronse os ancoraxes dos mesmos ao chan, polo que enténdese de que se trata dunha situación definitiva.

Por todo iso instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A que se nos informe dos motivos da retirada destes bancos.

A que se proceda á reposición dos mesmos.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non foron retirados. Foi un roubo na noite do 17 de maio. Romperon catro e roubaron un.

- A parroquia de Ardemil contén numerosos vertedoiros incontrolados. Os casos máis sangrantes son os existentes no antigo trazado da N-550 entre a curva do Gouzón e os Carrocheiros e o existente nas inmediacións da “Torre de Morgade”.

Acompáñanse fotografías que demostran a gravidade da problemática así como localizacións aproximadas.

Temen polas pistas da concentración parcelaria de Ardemil é habitual atoparse con algún puntos de vertido.

Por todo iso instamos ao Alcalde ao seguinte:

A que se proceda á limpeza de ditos vertedoiros incontrolados.

A iniciar una campaña de sensibilización ao respecto, informando das sancións aplicables a este tipo de delitos.



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 35

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se toma en consideración.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes.

- Veciñanza da zona da Barcula en Ardemil, manifestou a este grupo municipal a súa preocupación perante á situación de risco que padecen na aldea debido a que os vehículos que transitan pola estrada que a atravesa e comunica Buscás co núcleo de Adrán, circulan a gran velocidade.

Recentemente aprobouse un proxecto complementario do plan único de concellos POS+2017, consistente na pavimentación con aglomerado da estrada que une o Mesón do Vento coa Barcula, pasando polo Seixo.

Aínda que non se trata da estrada da que estamos a falar no presente rogo, dado que no momento no que se realice a pavimentación as máquinas xa estarían a traballar no propio núcleo da Barcula, entendemos que resultaría moi económica a pavimentación duns pequenos sobresaltos na estrada que comunica Buscás co núcleo de Adrán pasando pola Barcula, o cal obrigaría dalgún xeito aos vehículos a transitar a unha velocidade reducida e axeitada polo núcleo, evitando a problemática exposta.

Por todo iso instamos ao Alcalde ao seguinte:

Que cando se proceda á pavimentación da estrada que une o Mesón do Vento coa Barcula pasando polo Seixo, se proceda á creación duns pequenos sobresaltos na estrada que une Buscás con Adrán pasando pola Barcula.

Intervén o Sr. Alcalde, que pregunta que se non gana o concurso a mesma empresa que facemos, habería que falar coas empresas. Hai que facer unha licitación. Tómase en consideración. Coñecen a problemática. Non sabe se os saltos serán a solución.

- Este grupo municipal leva rexistradas varias solicitudes para obter unha copia da valoración económica da RPT do concello de Ordes, así como do manual empregado en dita valoración.

Ata o día de hoxe o único que recibimos foi un total silencio administrativo.

No pleno ordinario de abril, despois de solicitar novamente esta documentación mediante un rogo, informouse de que se agardaba que nunha semana fose atendida a petición; pero vese que a dilatación temporal tratada na teoría da relatividade xeral de Einstein fixo aparición e como consecuencia disto a semana alongouse ata o día de hoxe...

No día de hoxe foino aportada unha copia da valoración económica da RPT do concello de Ordes.



## CONCELLO DE ORDES

---

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 36

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que ata esta semana non se lle puido entregar. Lamenta o retraso.

- Dende a aprobación do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Escolar Municipal, o pasado 14 de novembro de 2013, estase a producir un incumprimento reiterado do mesmo.

Este grupo municipal solicitou en varias ocasións que nos fose remitido o informe sobre o estado do ensino no municipio, tal e como establece o citado regulamento, pero o goberno municipal limítase a dar continuamente largas, eludindo por completo as súas obrigas.

Por todo iso instamos ao alcalde ao seguinte:

A que nos sexa remitido o informe sobre o estado do ensino no concello de Ordes do ano 2016 elaborado polo Consello Escolar Municipal.

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira delegada de educación, que sinala que cando sexa aprobado polo Consello Escolar Municipal lle será remitido.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que levan dous anos solicitándoo, a paciencia esgótase.

Intervén a Sra. García Gómez, que sinala que esta de baixa laboral, cando se reincorpore entregárase.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que ten dereito a unha baixa, non llo nega. O que haberá que facer e que de forma temporal se delegue a presidencia do Consello Escolar Municipal noutro concelleiro. Se antes do pleno ordinario de xullo non temos ese informe imos pedir a reprobación da Presidenta do Consello Escolar Municipal.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, que sinala que ao BNG se lle ofreceu integrarse no Consello Escolar Municipal para enterarse dos asuntos de educativos, declinou, non pode negar que non se entera.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que so están a solicitar o que sinala o Regulamento do CEM, que temos que ter un informe do estado da educación no municipio. Pide que se cumpra o regulamento, non piden outra cousa. Non se cumpriu na anterior lexislatura, nin se cumpre nesta.

- O tendido eléctrico municipal que leva subministración eléctrica ao campo de fútbol de Vilamaior atópase descolgado no lugar do Carballo.

Esta situación é bastante perigosa xa que o mesmo atópase a unha altura na que unha persoa pode alcanzalo coas mans e mesmo a maquinaria agrícola que traballas as fincas polas que transita, pode bater co mesmo.



## CONCELLO DE ORDES

---

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 37

Malia ter solicitado no pleno ordinario de febreiro que se lle dese solución a esta anomalía, a día de hoxe segue todo igual.

Por todo iso instamos ao alcalde ao seguinte:

A que se proceda á reparación do citado tendido.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o tendido é municipal. Coñecen esa problemática. Hai que colocar tres postes novos, vai a facerse pola empresa de mantemento, espera que estea solucionado o mes que ven.

Intervén o Sr. Vázquez Raña, en representación do grupo político UxO, que formula os rogos seguintes.

- Hai dous meses presentamos un rogo do que non se fixo case nada, en relación ao arranxo das beirarrúas. Hai trinta solares a día de hoxe que teñen no seu acceso algunha plaqueta levantada, polo que a imaxe e o prexuízo que isto conleva para os veciños e veciñas é moi negativo.

Por todo iso instamos ao alcalde ao seguinte:

Que proceda á revisión e posterior arranxado das beirarrúas do nos Concello.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se está a facer.

- Na actualidade, as beirarrúas están cheas de cabichas pola falta de cinceiros públicos.

Por todo iso instamos ao alcalde ao seguinte:

Que proceda a incorporar nas papeleiras ou ao seu carón uns cinceiros para que non se teñan que tirar ao chan as cabichas.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se toma en consideración.

- Non hai moitas datas, nun pleno presentamos un rogo in voce no que se facía referencia ao mal estado da fonte do Casal, onde case hai que poñer zapatóns para acceder á mesma, debido ao mal funcionamento dos rexistros.

Por todo iso instamos ao alcalde ao seguinte:



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA N° 38

Que proceda ao arranxo dos desaugadoiros para que os numerosos veciños e veciñas que acoden alí non teñan que mollar os pés.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que é un problema de cotas, hai que facer unha actuación para facer un recrecido na zona do empedrado para que o desaugadoiro teña nivel. Non é so limpeza, xa se fixo moitas veces.

- Na primeira Concentración Parcelaria de Barbeiros quedou un camiño público no Pino de 3 metros de ancho habendo incluso un Stop, que agora desapareceu, en dito camiño para saír á estrada. A finca do lado non respectou ese camiño marcado nos planos de Concentración.

Por todo iso instamos ao alcalde ao seguinte:

Que arranxe o camiño marcado nos planos e que poña a sinalización vertical de STOP que tamén había.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que gustaríalle que se lle aportase un plano. As obras incluíranse nun plan de obras.

- Hai dúas sinais de stop tiradas na estrada que vai hacia o Piñeiro en Santa Cruz. Levan polo menos cinco meses tiradas no cruce.

Por todo iso instamos ao alcalde ao seguinte:

A proceder á súa colocación ou retirada para o seu aproveitamento noutro lugar.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que pasarase por alí.

Por último ábrese unha quenda de formulación de preguntas polos distintos grupos políticos.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula as preguntas seguintes.

- Nas últimas datas, pódese comprobar como a natureza agroma en todo o seu esplendor polas cunetas das pistas do concello de Ordes.

Por todo iso instamos ao alcalde ao seguinte:



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA N° 39

- ¿Ten deseñado o goberno municipal un almanaque de rozas?.
- ¿Con que medios se van a levar a cabo as mesmas?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que todos os concellos temos a mesma problemática. Temos moitos máis quilómetros de vías que os concellos de arredor. A programación lóxica é de xuño a setembro. Se o facemos antes haberá un rebrote. Hai unha programación coas parroquias, consensuada en funcións das festas das parroquias. Van seis parroquias con contratos de medios externos e sete con medios propios.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que pide que os desbroces con medios externos fagan tamén tres pasadas como cos medios propios. O ano pasado so facían dúas pasadas. Vixíen.

- O pasado 16 de marzo do ano 2016, acordouse polo plenario a aprobación inicial do PXOM.

Por todo iso preguntamos ao Alcalde o seguinte:

Logo de transcorrer un ano e dous meses, ¿en que fase se atopa a tramitación do documento?

¿Cando se atenderán as alegacións formuladas pola veciñanza ao documento? .

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que faltan os informes sectoriais máis importantes Patrimonio e Augas de Galicia. A partir de aí hai que facer a adaptación do documento a nova Lei do Solo 2/2016. As alegacións están clasificadas, teñen que informalas, son oitocentas corenta e unha. En setembro, outubro remitiranse as alegacións e convocaranse as reunións. Antes de marzo de 2018 hai que convocar o pleno para acadar a aprobación provisional, antes de que remate o prazo de suspensión de licenzas, entrando nun período de inseguridade xurídica importante.

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde levanta a sesión, sendo ás vinte e dúas horas e trinta e oito minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

**O ALCALDE**

**O SECRETARIO**